

# Javier Vallhonrat

## INTERACCIÓN

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

29 outubro 2015 / 27 marzo 2016



Altitud: 2.915 msnm. Latitud: N 42° 39' 03.7" Longitud: E 00° 38' 46.3" Orientación: 217° SW 18.06.2011 16:54:32  
Glaciar del Aneto, Macizo de la Maladeta, Pirineos.

*Interaccións*, que reúne 52 fotografías, sete vídeos e unha videoinstalación, constitúe o máis recente conxunto de traballos do artista Javier Vallhonrat.

O proxecto estrutúrase en cinco partes —*42°N*, *Deriva estándar*, *Fricción límite*, *Registro da marxe* e *Eolionimia*— e desenvólvese en contornas de alta montaña e de meteoroloxía extrema. O artista traballou nestes ámbitos creando imaxes onde a incerteza e a imprevisibilidade se confrontan coa humana necesidade de control e previsibilidade. A experiencia do tempo lento e o espazo incerto da alta montaña danse en condicións que propician a sensación de vulnerabilidade. En tales circunstancias, a percepción do nicho ecolóxico e xeoclimático da alta montaña, alleo e ameazante, transfórmase paulatinamente en percepción dun lugar igualmente vulnerable, no que coñecemento e experiencia inmediata poden dialogar fronte a condicións de incerteza.

*Interaccións* pódese entender como unha exploración sobre a experiencia da montaña, a fragilidade do home fronte á natureza e as condicións extremas, pero tamén como un cuestionamento sobre diferentes modos de representación da paisaxe.

O inicio do proxecto hai que situalo en 2010, cando Javier Vallhonrat visita a colección fotográfica do Museo Universidade de Navarra en Pamplona para participar no proxecto *Tender puentes*, que propón un diálogo entre a mirada fotográfica actual e a fotografía do século XIX e centra a súa atención en dúas fotografías do macizo da Maladeta, no Pirineo de Huesca, realizadas polo vizconde Joseph Vigier tras ascender desde Luchon ao Portillón de Benasque, a 2.440 metros de altitude, no verán de 1853. As fotografías de Vigier son un punto de partida e unha posibilidade de dialogar cun dos primeiros fotógrafos que se enfrontan á montaña desde unha experiencia directa. Dese encontro xorde *42°N*.

*Interacciones*, que reúne 52 fotografías, sete vídeos y una videoinstalación, constituye el más reciente conjunto de trabajos de Javier Vallhonrat.

El proyecto se estructura en cinco partes —*42°N*, *Deriva estándar*, *Fricción límite*, *Registro del margen* y *Eolionimia*— y se ha desarrollado en entornos de alta montaña y de meteorología extrema. El artista ha trabajado en estos ámbitos creando imágenes donde la incertidumbre y la imprevisibilidad se confrontan con la humana necesidad de control y previsibilidad. La experiencia del tiempo lento y el espacio incierto de la alta montaña, se dan en condiciones que propician la sensación de vulnerabilidad. En tales circunstancias, la percepción del nicho ecológico y geoclimático de la alta montaña, ajeno y amenazante, se transforma paulatinamente en percepción de un lugar igualmente vulnerable, en el que conocimiento y experiencia inmediata pueden dialogar frente a condiciones de incertidumbre.

*Interacciones* se puede entender como una exploración sobre la experiencia de la montaña, la fragilidad del hombre frente a la naturaleza y las condiciones extremas, pero también como un cuestionamiento sobre diferentes modos de representación del paisaje.

El inicio del proyecto hay que situarlo en 2010, cuando Javier Vallhonrat visita la colección fotográfica del Museo Universidad de Navarra en Pamplona para participar en el proyecto *Tender puentes*, que plantea un diálogo entre la mirada fotográfica actual y la fotografía del siglo XIX, y centra su atención en dos fotografías del macizo de la Maladeta, en el Pirineo de Huesca, realizadas por el vizconde Joseph Vigier tras ascender desde Luchon al Portillón de Benasque a 2.440 metros de altitud en el verano de 1853. Las fotografías de Vigier son un punto de partida y una posibilidad de dialogar con uno de los primeros fotógrafos que se enfrentan a la montaña desde una experiencia directa. De ese encuentro surge *42°N*.

*Deriva estándar* reúne varias fotografías de gran formato de fitos de montaña, amoreamentos de pedras que empregan os montañeiros para orientarse nos camiños. Nesta serie o artista explora estados de incerteza e desorientación.

En *Fricción límite* Javier Vallhonrat elabora rexistros de aludes de fondo e estudos nivolóxicos utilizados para a predición de risco de aludes: o caótico, o inesperado e o inevitable fronte ao intento de coñecemento científico e a súa aplicación práctica. A serie consta de 16 fotografías, un vídeo e unha videoinstalación, que afondan na tensión ante o ameazante, o inevitable e o catastrófico. Pódese entender tamén como un estudo metafórico das complexas condicións de múltiples sistemas cos que se relaciona o ser humano e, asemade, permítenlle ao espectador confrontar a inevitable quietude da fotografía coa tensión da catástrofe.

En *Rexistro da marxe* o artista preséntanos descrições de bivaques de montaña, proteccións ou refuxios que aproveitan formacións naturais completadas con amoreamentos de pedras e que supoñen un eventual acubillo contra as inclemencias do tempo. A serie remítenos ás ideas de localización e permanencia, explorando una experiencia ausente: a duración. O artista fotografa bivaques de montaña que utiliza como refugio para pasar a noite, rexistrando a localización e a súa entrada e saída deles. As obras, acompañadas de datos cronolóxicos, agrúpanse en trípticos que convidan ao espectador, a través do seu propio tempo narrativo interno, a elaborar una experiencia ausente.

En *Eolionimia* Javier Vallhonrat investiga sobre a meteoroloxía, observando fenómenos atmosféricos e naturais de distinta natureza —tormentas de neve, icebergs e auroras boreais— en contornas de climatoloxía extrema. Este conxunto de traballos, que reúne fotografías de gran formato, dous vídeos e unha videoinstalación, traza pontes entre o nacemento do mundo nas sagas escandinavas e a investigación tecnolóxica actual dos fenómenos atmosféricos, explorando a noción de inconmesurabilidade e a cuantificación da incerteza. Ao tempo que inclúe rexistros de fenómenos xeolóxicos e meteorolóxicos, presenta unha mirada de asombro e celebración ante tales fenómenos, metáfora de procesos complexos.

*Eolionimia* (a arte de nomear os ventos) xira ao redor da figura de Kåre Aarset, pseudónimo tras o que se esconde un mozo noruegués que, na década de 1920, participou nos pioneiros estudos sobre meteoroloxía dos tamén noruegueses Vilhelm e Jacob Bjerknes. Nesa mesma época, a finais dos anos vinte do século pasado, este mozo escribiu un conxunto de poemas reunidos baixo o nome de *Dikt fra breen* (Poemas desde o glaciar) durante as súas estadias nunha cabana non lonxe de Akureiri, no norte de Islandia. Os devanditos poemas constitúen a orixe das imaxes desta serie. O vídeo homónimo que inclúe este conxunto de traballos, *Eolionimia*, documenta a viaxe que Javier Vallhonrat emprendeu na procura da cabana que utilizou Kåre Aarset nas proximidades de Akureiri, e o seu intento de permanecer nela durante varias noites.

*Deriva estándar* reúne varias fotografías de gran formato de hitos de montaña, amasijos de pedras que utilizan los montañeros para orientarse en los caminos. En esta serie el artista explora estados de incertidumbre y desorientación.

En *Fricción límite* Javier Vallhonrat elabora registros de aludes y estudios nivológicos utilizados para la predicción de riesgo de aludes: lo caótico, lo inesperado y lo inevitable frente al intento de conocimiento científico y su aplicación práctica. La serie consta de 16 fotografías, un vídeo y una videoinstalación, que profundizan en la tensión ante lo amenazante, lo inevitable y lo catastrófico. Puede entenderse también como un estudio metafórico de las complejas condiciones de múltiples sistemas con los que se relaciona el ser humano, al tiempo que permite al espectador confrontar la inevitable quietud de la fotografía con la tensión de lo catastrófico.

En *Registro del margen* el artista nos presenta descripciones de vivacs de montaña, protecciones o refugios que aprovechan formaciones naturales completadas con apilamientos de piedras y que suponen un eventual cobijo contra las inclemencias del tiempo. La serie remite a las ideas de localización y permanencia, explorando una experiencia ausente: la duración. El artista fotografía vivacs de montaña que utiliza como refugio para pasar la noche, registrando la localización y su entrada y salida de ellos. Las obras, acompañadas de datos cronológicos, se agrupan en trípticos que invitan al espectador, a través de su propio tiempo narrativo interno, a elaborar una experiencia ausente.

En *Eolionimia* Javier Vallhonrat investiga sobre la meteorología, observando fenómenos atmosféricos y naturales de distinta naturaleza —tormentas de nieve, icebergs y auroras boreales— en entornos de climatología extrema. Este conjunto de trabajos, que reúne fotografías de gran formato, dos vídeos y una videoinstalación, traza puentes entre el nacimiento del mundo en las sagas escandinavas y la investigación tecnológica actual de los fenómenos atmosféricos, explorando la noción de inconmesurabilidad y la cuantificación de la incertidumbre. A la vez que incluye registros de fenómenos geológicos y meteorológicos, presenta una mirada de asombro y celebración ante tales fenómenos, metáfora de procesos complejos.

*Eolionimia* (el arte de nombrar los vientos) gira en torno a la figura de Kåre Aarset, seudónimo tras el que se esconde un joven noruego que, en la década de 1920, participó en los pioneros estudios sobre meteorología de los también noruegos Vilhelm e Jacob Bjerknes. En esa misma época, a finales de los años veinte del siglo pasado, este joven escribió un conjunto de poemas reunidos bajo el nombre de *Dikt fra breen* (Poemas desde el glaciar) durante sus estancias en una cabaña no lejos de Akureiri, en el norte de Islandia. Dichos poemas constituyen el origen de las imágenes de esta serie. El vídeo homónimo que incluye este conjunto de trabajos, *Eolionimia*, documenta el viaje de Javier Vallhonrat en busca de la cabaña que utilizara Kåre Aarset en las proximidades de Akureiri, y su intento de permanecer en ella durante varias noches.



Altitud: 2.313 msnm. Latitud: N 42° 38' 59" Longitud: E 00° 40' 01.47" 28.10.2011 16:42:23

## CADERNO DE CAMPO

**16 DE XUÑO DE 2011**

Estamos tolos de durmir pouco. É aínda de noite e saímos cos frontais acesos. O aire está xeado, o ceo empeza a facerse de cristal transparente e camiñamos seguindo o pequeno escenario circular que debuxa o frontal no chan. A luz ambiente vai medrando e todo cambia rapidamente. A maxia do amencer nesa montaña negra salpicada de manchas esbrancuxadas mestúrase co frío e a sensación de sono e cansazo. Todo é extremadamente fermoso, a incomodidade corporal intensa. Disóciaste: a alma vai por unha banda, o corpo vai por outra.

É a nosa primeira subida cara ao glaciar da Maladeta, buscando o Portillón Superior por un pedregal inmenso manchado de neve antiga, estrañamente amarelada e mineral. Levamos tres horas subindo, cada vez hai máis neve e isto non se acaba nunca. Cruzámonos con uns que din que veñen do glaciar da Maladeta. Polo cambio de inclinación tan forte, desde a miña perspectiva as persoas emerxeron dun baleiro branco, do nada. Detrás deles só vexo unha enorme rampla de neve sucia que se acaba nun ceo gris pálido, e imaxino o glaciar increíblemente grande, unha nada esbrancuxada interminable.

Chegamos ao Portillón Superior. Juan, agarrado á parede de rocha, asómase ao glaciar do Aneto. Desde a altura do Portillón, é unha realidade doutras dimensións. Concha baixa a primeira. É neve vella, vai frío e está dura como a pedra, e, aínda que levamos crampons, a cousa non admite descoidos. Síntome tenso e prefiro non mirar cara ao baleiro que se intúe abaixo. Á miña vertixe súmase o peso da mochila e a miña torpeza de primeirizo. As gretas entre a neve

## CUADERNO DE CAMPO

**16 DE JUNIO DE 2011**

Estamos sonados de haber dormido poco. Es aún de noche y salimos con los frontales encendidos. El aire está helado, el cielo empieza a hacerse de cristal transparente y caminamos siguiendo el pequeño escenario circular que dibuja el frontal en el suelo. La luz ambiente va creciendo y todo cambia rápidamente. La magia del amanecer en esa montaña negra salpicada de manchas blanquecinas se mezcla con el frío y la sensación de sueño y cansancio. Todo es extremadamente bello, la incomodidad corporal intensa. Te disocias: el alma va por un lado, el cuerpo va por otro.

Es nuestra primera subida hacia el glaciar de la Maladeta, buscando el Portillón Superior por un pedrero inmenso manchado de nieve antigua, estrañamente amarillenta y mineral. Levamos tres horas subiendo, cada vez hay más nieve y esto no se acaba nunca. Nos cruzamos con unos que dicen que vienen del glaciar de la Maladeta. Por el cambio de inclinación tan fuerte, desde mi perspectiva las personas han emergido de un vacío blanco, de la nada. Detrás de ellos solo veo una enorme rampa de nieve sucia que se acaba en un cielo gris pálido, y me imagino el glaciar abrumadoramente grande, una nada blanquecina interminable.

Llegamos al Portillón Superior. Juan, agarrado a la pared de roca, se asoma al glaciar de Aneto. Desde la altura del Portillón, es una realidad de otras dimensiones. Concha baja la primera. Es nieve vieja, hace frío y está dura como la piedra, y aunque llevamos crampones la cosa no admite despistes. Me siento tenso y prefiero no mirar hacia el vacío que se intuye abajo. A mi vértigo se suma el peso de la mochila y mi torpeza de primerizo. Las grietas entre la nieve y la roca son

e a rocha son profundas, non se ve o fondo, e iso aumenta a sensación de ameaza e vulnerabilidade.

Entramos no glaciar do Aneto seguindo as pegadas da xente que pasou xa. Vai vento e as nubes xogan a tapar e a descubrir o sol. Noto cansazo; levamos catro horas cargando co equipo, buscando unha foto, e eu non vexo máis ca neve, rochas e manchas de luz que van e veñen caprichosamente percorrendo a abafadora extensión: empeza a invadirme a frustración.

Facer fotos cunha cámara de placas montada nun trípode na alta montaña atrásao todo, quítalle a adrenalina, altera o ritmo. O propósito de chegar a un cume, ou de terminar unha travesía, ou de alcanzar un lugar sinalado, é substituído por unha vontade de observar o que te rodea lentamente, e de escoitarse a un mesmo con atención.

Parece que a experiencia de ir avanzando aos poucos, camiñar e parar e volver avanzar constitúe en si un lugar; é o nicho necesario onde poden xurdir oportunidades, e parece que retardar a marcha permite darlle prioridade á percepción atenta da topografía, aos axentes meteorolóxicos, á luz tan especial e cambiante, ás relacións que se establecen entre todos estes elementos. A Concha e a Juan tócalles o peor: parar, esperar a que eu busque algo que nin eu mesmo sei que é, verme mirar, dudar, choscar os ollos, resollar e volverme poñer en marcha. Con sorte, saco o trípode e monto a cámara. Este ritmo, tan desesperantemente lento, vai tinguindo a ascensión dunha calidade flotante. Os pequenos cambios que se dan ante nós van cobrando relevo e adquiren presenza, e ímonos instalando nun estado de receptividade acrecentada. Sinto como unha especie de sismógrafo impersoal cuxo único contido é un conxunto de padróns, mestura de constancia e cambio, ao que eu chamo proxecto.

Pasa o tempo, e a medida que as sombras se alongan, empezo a animarme.

Mentres, xa tarde e de volta cara ao Portillón, fago a primeira foto do proxecto, Juan grava un plano a través do cristal esmerilado da cámara de 9 x 12. Dime: "Parece unha imaxe sen obxecto; é coma se antes de que a imaxe exista, te parases aí, no previo á imaxe".

## 09 DE OUTUBRO DE 2011

Madrugamos para intentar outra foto da Crencha de los Portillones, esta vez ao amencer, coas placas de granito e lique verde do outeiro de Paderna en primeiro plano. Non se ven nubes e fago unha toma antes de que saia o sol, pero non me satisfai. Ao pasar un anaco empeza a aumentar a nebulosidade, e decidimos subir por encima do Diente de la Maladeta, onde se adiviñan seracs e xeo glaciar. Desde onde estamos impresiona polo vertical da parede noroeste de Maladetas e polas sombras azuladas nas que está envolto o conxunto.

A medida que Xacobe e eu subimos, a neve está máis dura, e as rochas pónense perigosas. Demasiado pouca neve para crampóns, suficientemente dura para que escorreguemos. Pensabamos que o aumento da temperatura polo avance do día nos axudaría, pero non é así: seguimos na sombra, a altura que gañamos compensa de sobra e as placas están xeadas. Ao cabo dunha hora de trepar e escorregar, avanzamos moi pouco e queda moito por percorrer. O vento fai bailar as nubes no ceo, e a luz tampouco acaba de poñerse ben, así que miro o xeo do glaciar e os paredóns verticais e

profundas, no se ve o fondo, y eso aumenta la sensación de amenaza y vulnerabilidad.

Nos adentramos en el glaciar de Aneto siguiendo la huella de la gente que ha pasado ya. Hace viento y las nubes juegan a tapar y a descubrir el sol. Noto cansancio; llevamos cuatro horas cargando con el equipo, buscando una foto, y yo no veo más que nieve, rocas y manchas de luz que van y vienen caprichosamente recorriendo la abrumadora extensión: empieza a invadirme la frustración.

Hacer fotos con una cámara de placas montada en un trípode en alta montaña lo ralentiza todo, le quita la adrenalina, altera el ritmo. El propósito de llegar a una cumbre, o de terminar una travesía, o de alcanzar un lugar señalado, es sustituido por una voluntad de observar lo que te rodea lentamente, y de escucharse a uno mismo con atención.

Parece que la experiencia de ir avanzando poco a poco, caminar y parar y volver a avanzar constituye en sí un lugar; es el nicho necesario donde pueden surgir oportunidades, y parece que ralentizar la marcha permite dar prioridad a la percepción atenta de la topografía, a los agentes meteorológicos, a la luz tan especial y cambiante, a las relaciones que se establecen entre todos estos elementos. A Concha y a Juan les toca lo peor: parar, esperar a que yo busque algo que ni yo mismo sé qué es, verme mirar, dudar, guiñar los ojos, resoplar y volver a ponerme en marcha. Con suerte, saco el trípode y monto la cámara. Este ritmo, tan desesperantemente lento, va tiñendo la ascensión de una cualidad flotante. Los pequeños cambios que se dan ante nosotros van cobrando relieve y adquieren presencia, y nos vamos instalando en un estado de receptividad acrecentada. Me siento como una especie de sismógrafo impersonal cuyo único contenido es un conjunto de patrones, mezcla de constancia y cambio, al que yo llamo proyecto.

Pasa el tiempo, y a medida que las sombras se alargan, empiezo a animarme.

Mientras, ya tarde y de vuelta hacia el Portillón, hago la primera foto del proyecto, Juan graba un plano a través del cristal esmerilado de la cámara de 9 x 12. Me dice: "Parece una imagen sin objeto; es como si antes de que la imagen exista, te parases ahí, en lo previo a la imagen".

## 09 DE OCTUBRE DE 2011

Madrugamos para intentar otra foto de la Crencha de los Portillones, esta vez al amanecer, con las placas de granito y liquen verde del collado de Paderna en primer plano. No se ven nubes, y hago una toma antes de que salga el sol, pero no me satisface. Al cabo de un rato empieza a aumentar la nubosidad, y decidimos subir por encima del Diente de la Maladeta, donde se adivinan seracs y hielo glaciar. Desde donde estamos impresiona por lo vertical de la pared noroeste de Maladetas y por las sombras azuladas en las que está envuelto el conjunto.

A medida que Xacobe y yo subimos, la nieve está más dura, y las rocas se ponen peligrosas. Demasiado poca nieve para crampones, suficientemente dura para que resbalemos. Pensábamos que el aumento de la temperatura por el avance del día nos ayudaría, pero no es así: seguimos en la sombra, la altura que ganamos compensa con creces, y las placas están heladas. Al cabo de una hora de trepar y resbalar, hemos avanzado muy poco, y queda mucho por recorrer. El viento hace bailar las nubes en el cielo, y la luz tampoco acaba de ponerse bien así que miro el hielo del glaciar y los paredones verticales, y me despido.

despídome. Dígolle a Xacobe: “Hoxe a frustración vai pesar máis ca a mochila, que xa é dicir”.

Ao baixar, vou facendo cálculos que me inquietan: en cinco días trepando e cargando co equipo disparei seis fotos, talvez dúas ou tres me interesen. Cantas veces vou subir aquí para facer todo o proxecto: cincuenta, setenta, máis?

Empezo a acougar cando penso nunha palabra mágica: renunciar. Cando empecei a mirar as fotografías de Fenton e de Vigier, xa me viña á cabeza a idea de renunciar. Eses pioneiros souberon renunciar a sacalo todo, a saturar as súas fotos de información, de feitos. Nas súas fotos había moito baleiro. Traballando coa cámara de gran formato aprendes a renunciar a disparar moito. É así que me deu por pensar que nun lugar e nun momento dados, existindo infinitas posibilidades de tomar fotografías, facer unha soa fotografía ten o valor de renunciar a infinito menos unha posibilidades. Visto así, podó sentirme máis tranquilo cando chegue abaixo sabendo que, en lugar de non facer nin unha soa imaxe, renunciéi a facer infinitas fotografías. A montaña pode ser un bo sitio para aprender a renunciar.

### 1 DE NOVIEMBRE DE 2011

O día empeza con atrasos e con mal ambiente. Cansazo, queixas, anoxos... Hai xa un par de días que andamos por aquí. Deitámonos esgotados e, ao levantarnos, as botas seguen molladas do día anterior. Dirixímonos outra vez cara a Barrancs. A mañá é escura, fría, e está a chover pero os manchóns de neve e a néboa son tan especiais que se pasa un pouco o mal humor. Entramos no caos de Barrancs, mergullado nunha penumbra sen límites definidos. De cando en cando distínguese algún fito. Parecen un pouco inútiles, pois en canto te afastas deles atópaste de novo perdido na néboa. Este sitio gris, infinito, disólvese nunha atmosfera de fondo mariño. Dá igual cara a onde mires, non se albisca ningún límite.

A falta de horizonte xera unha atmosfera inquietante. Nunha paisaxe, observada ou representada, o horizonte cristaliza, mentres que ao camiñar a experiencia do cambiante devolve ao horizonte a súa calidade líquida e inalcanzable. Do mesmo xeito ca os fluídos, o horizonte adquire a forma só no momento en que é representado, coma os mares do norte nas pinturas de chumbo e encaixe de Thierry de Cordier.

Na montaña, o horizonte non é importante. Á parte do chan no que pisas e a topografía do terreo, o relevante é a silueta da montaña, aínda que ten un valor relativo. As arestas que che mostra unha cara da montaña non teñen nada que ver coas que definen outras das súas caras, e a menos que un simplifique, o rostro propio da montaña empeza a ser susceptible de ser concibido e coñecido só a través da súa complexidade.

Refugadas as ideas de paisaxe e de horizonte, voume parando onde case non pasa nada... aínda. En ocasións, iso pouco que pasa é algo que podería constituírse en foto. Alíñanse diante de min elementos que me anuncian que aí se organizará algo que podería ter sentido, que podería dialogar con esa organización de padróns que van constituíndo o proxecto.

Barrancs é un deses sitios, é un val talismánico. Os elementos que eu espero que aparezan, que se aliñen de certa maneira, son moi

Le digo a Xacobe: “Hoy la frustración va a pesar más que la mochila, que ya es decir”.

Al bajar, voy haciendo cálculos que me inquietan: en cinco días trepando y cargando con el equipo he disparado seis fotos, tal vez dos o tres me interesen. ¿Cuántas veces voy a subir aquí para hacer todo el proyecto: cincuenta, setenta, más?

Me empiezo a calmar cuando pienso en una palabra mágica: renunciar. Cuando empecé a mirar las fotografías de Fenton y de Vigier, ya me venía a la cabeza la idea de renunciar. Esos pioneros supieron renunciar a sacarlo todo, a saturar sus fotos de información, de hechos. En sus fotos había mucho vacío. Trabajando con la cámara de gran formato aprendes a renunciar a disparar mucho. Es así que me ha dado por pensar que en un lugar y un momento dados, existiendo infinitas posibilidades de tomar fotografías, hacer una sola fotografía, tiene el valor de renunciar a infinito menos una posibilidades. Visto así, puedo sentirme más tranquilo cuando llegue abajo sabiendo que en lugar de no haber hecho ni una sola imagen, habré renunciado a hacer infinitas fotografías. La montaña puede ser un buen sitio para aprender a renunciar.

### 1 DE NOVIEMBRE DE 2011

El día empieza con retrasos y con mal ambiente. Cansancio, quejas, mosqueos... Hace ya un par de días que andamos por aquí. Nos acostamos agotados y al levantarnos, las botas siguen mojadas del día anterior. Nos dirigimos otra vez hacia Barrancs. La mañana es oscura, fría, y está lloviendo pero los manchones de nieve y la niebla son tan especiales que se me pasa un poco el mal humor. Entramos en el caos de Barrancs, sumergido en una penumbra sin límites definidos. De cuando en cuando se distingue algún hito. Parecen un poco inútiles, pues en cuanto te alejas de ellos te encuentras de nuevo perdido en la niebla. Este sitio gris, infinito, se disuelve en una atmósfera de fondo marino. Da igual hacia donde mires, no se atisba ningún límite.

La falta de horizonte genera una atmósfera inquietante. En un paisaje, observado o representado, el horizonte cristaliza, mientras que al caminar la experiencia de lo cambiante devuelve al horizonte su cualidad líquida e inalcanzable. Al igual que los fluidos, el horizonte adquire la forma solo en el momento en que se lo representa, como los mares del norte en las pinturas de plomo y encaje de Thierry de Cordier.

En la montaña, el horizonte no es importante. Aparte del suelo en el que pisas y la topografía del terreno, lo relevante es la silueta de la montaña aunque tiene un valor relativo. Las aristas que te muestra una cara de la montaña no tienen nada que ver con las que definen otras de sus caras, y a menos que uno simplifique, el rostro propio de la montaña empieza a ser susceptible de ser concebido y conocido solo a través de su complejidad.

Desechadas las ideas de paisaje y de horizonte, me voy parando donde casi no pasa nada... todavía. En ocasiones, eso poco que pasa es algo que podría constituírse en foto. Se alinean delante de mí elementos que me anuncian que ahí se organizará algo que podría tener sentido, que podría dialogar con esa organización de patrones que van constituyendo el proyecto.

Barrancs es uno de esos sitios, es un valle talismánico. Los elementos que yo espero que aparezcan, que se alineen de cierta manera, son muy variados: roca, tierra, hielo, nieve, líquenes, corrientes de agua y



Altitud: 2.090 msnm. Latitud: N 42° 41' 10.7" Longitud: E 00° 38' 15.5" 10.05.2013 14:52:03

variados: rocha, terra, xeo, neve, liques, correntes de auga e outros elementos que constitúen o substrato material xeolóxico. O val de Barrancs, ao estar ao pé do Aneto e ser a avenida do glaciar ata que comezou a retroceder a capa de xeo cara arriba, ofréceme moitos destes elementos con frecuencia.

Xacobe protéxeme da auga desde hai un anaco cun pequeno toldo de plástico, e iso permíteme traballar. Juan leva un poncho de hule deses que non nos gustan, dos pesados que non transpiran. El está seco, e nós, coas nosas chaquetas técnicas, mollados. Juan leva un anaco observando a Xacobe, que está empapado, tremendo de cando en cando. Téndelle o poncho: "Pon isto, tío". Xacobe, que está totalmente no seu papel, profesional ata a medula, dille: "Non, que se vai a luz".

Antes de facer a última foto, resgardámonos un pouco nun refuxio, metade vivac, metade cabaña de pastores, que parece un colador de tantas pingueiras que ten. Xacobe e eu saímos do vivac aproveitando que a néboa se fai máis densa e a choiva menos intensa. O palio de plástico co que me protexe da fina choiva, fai que faga a última foto do día cun fondo rítmico de claqué. Juan, nese infinito pétreo e brumoso de Barrancs, séntese no fondo do mar, coma se estivese a 1.500 metros baixo a superficie. Unha inmensidade gris, continua, monótona, sen vestixios de horizonte.

### 17 DE AGOSTO DE 2013

Unha obra que me acompañou na xénese de *Interaccións* foi *A Night of Rain Sleeping Place*, de Richard Long, de 1993. Nela vese a pegada do corpo de Long, que protexeu o leito de follas secas no que durmiu da choiva que caeu durante a noite. Sempre me lembrou os poetas xaponeses que compoñen haikus, que dormen ao raso, se mollan coa choiva, e se conxelan co vento que logo poboará os seus poemas.

otros elementos que constituyen el sustrato material geológico. El valle de Barrancs, al estar al pie del Aneto y haber sido la avenida del glaciar hasta que comenzó a retroceder la capa de hielo hacia arriba, me ofrece muchos de estos elementos con frecuencia.

Xacobe me protege del agua desde hace un rato con un pequeño toldo de plástico, y eso me permite trabajar. Juan lleva un poncho de hule de esos que no nos gustan, de los pesados que no transpiran. Él está seco, y nosotros con nuestras chaquetas técnicas, mojados. Juan lleva un rato observando a Xacobe, que está empapado, tiritando de cuando en cuando. Le tiende el poncho: "Ponte esto, tío". Xacobe, que está totalmente en su papel, profesional hasta la médula, le dice: "No, que se va la luz".

Antes de hacer la última foto, nos resguardamos un rato en un refugio, mitad vivac, mitad cabaña de pastores, que parece un colador de tantas goteras que tiene. Xacobe y yo salimos del vivac aprovechando que la niebla se hace más densa y la lluvia menos intensa. El palio de plástico con el que me protege de la fina lluvia, hace que haga la última foto del día con un fondo rítmico de claqué. Juan, en ese infinito pétreo y brumoso de Barrancs, se siente en el fondo del mar, como si estuviera a 1.500 metros bajo la superficie. Una inmensidad gris, continua, monótona, sin vestigios de horizonte.

### 17 DE AGOSTO DE 2013

